

16 de setembro de 2011. ADEGA vén de denunciar a existencia de determinadas **"instrución s técnicas"**
no servizo de Conservación da Natureza da Coruña con criterios e procedementos para autorizar actividades que comprometen a conservación de hábitats e especies protexidas.
Rozas de matogueiras
,
talas de bosques de ribeira
, avaliación de
parques eólicos
ou
actividades deportivas sobre hábitats prioritarios
despáchanse mediante estas instrucións, moitas veces con criterios contrarios á conservación, mesmo aos recolidos no
Plano de Director da Rede Natura 2000
. Ademáis, as "instrucións"
non figuran publicadas en ningún boletín oficial
, carecendo portanto de validez legal. Aplicando estas normas "alegais" a Xunta está a autorizar talas de bosque de ribeira, rozas e queimas de breixais protexidos, circulación de quads e todoterreos sobre dunas e turbeiras, sendo ademáis a excusa perfecta para eludir a tramitación ambiental de
ducias de parques eólicos
.

Cada instrución técnica da Xunta, nun pulcro español, establece criterios de avaliación e de xestión que serían máis acaídos dun Regulamento ou Orde, pero non dunha instrución. Modificar através deste instrumento o alcance dunha Directiva (de Hábitats, de Aves...), Lei (de Conservación da Natureza, da Biodiversidade) ou Decreto (de especies ameazadas, por exemplo) é unha acción fraudulenta que podrería beirar a prevaricación. Atendendo ao artigo 21 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, estas as instrucións deberían estar cando menos publicadas nun boletín oficial. En consecuencia, todas elas carecen de validez legal. Quen as aplique podería estar cometendo unha ilegalidade, sendo igualmente ilegais e nulas todas as autorizacións e intervencións realizadas baseándose nestas instrucións.


2007/2007 13:20

